

# MOTA VIAXA A LONDRES

Hai algúns anos vivín unha gran aventura. Funme de viaxe a **LONDRES!** Queredes saber como o fixen?


En DIDAC estabamos a preparar a chegada dunhas obras de **ALAIN URRUTIA**, un pintor vasco que naquel momento vivía en Londres.

Meses antes de que chegasen, comecei a pensar en como serían. Imaxinábame facéndolles preguntas, logo que entrasen pola porta!

Pero non foi así. Un día, tiñan que mandarlle unha carta a Alain con algunhas preguntas sobre a exposición que se faría das súas obras. A carta viaxaría a Londres e el tería que enviar unha resposta.

Cando me decatei,

DECIDÍN METERME  
DENTRO DO  
SOBRE E  
EMPRENDER  
A VIAXE!



A viaxe durou varios días. Cando chegamos á cidade, un carteiro deixounos na súa caixa de correos e horas despois el recolleunos.

CHIS-CHIS-CHIS-CHIS!

Abriu aos poucos o sobre, e por fin puiden saír. Levaba días alí dentro e necesitaba estirar as pernas, polo que dei un paseo pola súa casa.


El colleu a carta e, antes de lela, baleirou os seus petos e deixou todo canto tiña dentro deles sobre un espello que estaba nunha mesa. Despois, sentou e comezou a ler atentamente.

Cando terminou, colocou de formas diferentes os obxectos sobre o **ESPELLO** e fotografounos.

Achegueime a el. Desde o seu zapato dei un gran salto ata a súa man e coloqueime sobre o espello. Que impresión! Podía verme a min mesma moi preto!

Pero esta sensación durou pouco tempo. Alain moveu o espello e, **VOEI POLO AIRE!**

Sentouse e observou as imaxes na pantalla da cámara.



Como quería velas, subín polas patas da cadeira e desde alí dei un salto á pantalla da súa cámara. Contiña moitísimas **FOTOGRAFÍAS** nas que os **OBXECTOS** aparecían **DÚAS VECES**. Como era posible? Grazas ao espello! Queredes probalo?

**COLLEDE UN ESPELLO, POÑEDE UN OBXECTO SOBRE EL E TACHÁN! O OBXECTO REPÍTESE!**


Púxose o abrigo, colleu o espello e a cámara e dirixiuse á porta. Propúxenme acompañalo, polo que, rapidamente, metinme no peto da súa chaqueta.

Subímonos á súa bicicleta e pedaleou a toda velocidade durante uns minutos. Asomábame desde o peto para ver a paisaxe e, de paso, miraba cara a onde nos dirixíamos.

Chegamos a un **LUGAR DESCOÑECIDO** para min. De súpeto, estaba rodeada de imaxes, pinturas, pinceis, lenzos e bastidores:

**ERA O SEU LUGAR DE TRABALLO!**

Estaba afeita a coñecer as obras unha vez rematadas, cando chegaban á miña casa para permanecer alí unha tempada.



Nesta ocasión era diferente, tratábase da primeira vez que estaba nun **TALLER**, o sitio no que se facían as obras de arte antes de ser expostas!

Nas paredes había diferentes fotografías, que viñan de distintos lugares: revistas, postais e imaxes doutros cadros.



Tamén había mesas e sobre elas botes de pintura negra e branca, pinceis de diferentes formas e tamaños e paletas con pintura.

Nunha parte do espazo puiden observar algúns cadros nos que estaba a traballar e outros que xa terminara. Pareime enfronte dos que estaban terminados, eran do mesmo tamaño e tiñan forma de rectángulo. Decidín achegarme un pouquiño máis para velos mellor.

Todos eran diferentes pero, á vez, tiñan algo en común: os obxectos aparecían dúas veces no mesmo cadro!

Subinme sobre eles para continuar observándoos de preto. Cada cadro contiña a mesma imaxe **DÚAS VECES**, dividida por unha liña imaxinaria. Nunca vira nada igual!

Alain achegouse a eles e colleu un coas súas mans. Colgouno na parede. Mirouno durante un intre. Despois, volveuno coller, **DEULLE A VOLTA** e colgouno de novo.

Era exactamente igual! Eran cadros aos que se lle podía dar a volta!

Fixo o mesmo co resto de cadros: colgábaos e virábaos, eran **CADROS MÁXICOS**, que se podían mostrar en dúas posicións diferentes.

Continuei paseando. Topeime co espello co que el estivera facendo as fotos. Observei a miña cabeza e o meu corpo nel reflectidos.


—Ola, quen es?, que fas aquí?

—Ola! Son Mota. Vin de viaxe a coñecer as obras de Alain.

—Eu chámome **ESPELLO**, axudeille a realizar os cadros que pintou ultimamente, encantado de coñecerte.

—Igualmente, Espello. Poderíasme contar cousas sobre estes cadros?

—Por suposto! Alain atopoume na rúa hai un tempo e levoume á súa casa. Eu axudeille a pensar estes once cadros. En **DIDAC** mostráranse nunha posición e despois viaxarán a un lugar en Lisboa, chamado **APPLETON**, no que se exporán na outra posición.



—Que curioso! E ninguén se dará de conta!

—Sabes como se vai chamar a exposición?

—Non, aínda non o descubrín.

—**MIRROR RIM**. Vouche contar un segredo. Este nome tamén é especial: pódese ler de dereita a esquerda e de esquerda a dereita.

—Coma os cadros! Que son iguais en calquera das dúas posicións!

Quedei pensando en todo o que descubrira durante ese día no taller. O encontro casual na rúa con Espello, que



o levou a pintar eses cadros nos que as imaxes, grazas a el, eran **SIMÉTRICAS**. O título da exposición, que se podía ler de dúas formas diferentes, todo tiña unha **EXPLICACIÓN**. Nunca imaxinara o lugar no que se producían as obras e o máis importante: nel estaba toda a información que necesitaba para coñecelas.

Alain embalou as once obras e meteunas nunha caixa xunto coa resposta á carta, para envialas a DIDAC. Chegara o momento de volver a casa!

**GUSTARÍAVOS REALIZAR UNHA OBRA DE ARTE EN CASA?**

**AQUÍ COMEZA A VOSA PROPIA AVENTURA!**

Os materiais que ides necesitar son: un espello que podedes atopar nas follas do final do libro, obxectos, rotuladores de cores e unha tesoura.

Podedes elixir obxectos que teñades no voso cuarto, por exemplo: os vosos xoguetes. O máis importante é que sexan pequenos e, se son de formas xeométricas, resultaravos moito máis doado realizar a vosa obra de arte.




Unha vez teñades todo o material, indícovos os **PASOS A SEGUIR**:

**1. ELIXIDE** un lugar de traballo, no que teñades unha mesa e espazo para realizar a actividade. Será o voso taller!

**2. COLOCADE** o espello en posición vertical, podedes apoiálo sobre algo, como unha parede.

**3.** Fronte ao espello **POÑEDE** os obxectos seleccionados. Verédelos reflectidos na parte de abaixo!

**4.** Cos rotuladores e sen mover o espello, **CALCADE** a silueta deses obxectos reflectidos sobre el. Agora están debuxados encima do espello!



**5. DÁDELLE** a volta e repetide a acción colocando os obxectos na mesma posición. Agora, tedes dous debuxos idénticos!



**ALAIN URRUTIA**  
**(BILBAO, 1981)**

A pintura de Alain Urrutia destaca por dúas cousas: o uso dunha paleta de grises, brancos e negros e a representación de detalles ou situacións do día a día. As súas imaxes parécense moito á realidade e, ás veces, lembran ao mundo do cinema pola forma na que son representadas: como fragmentos misteriosos que, xuntos, contan unha historia.